



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 5/2021 DO PLENO REALIZADA O DÍA 30-7-2021 (PRESENCIAL)

Na biblioteca municipal do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e tres minutos do día trinta de xullo de dous mil vinte e un reúnense, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto.

### ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)  
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)  
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)  
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)  
Ramón José Dopico Martínez (PP)  
Juan Manuel Freire Golpe (PP)  
José Otero López (PP)  
Remigio Pérez Bao (PP)  
José Ángel Roca Díaz (PP)

### AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

## ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 23-6-2021. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior; fórmulanse as seguintes alegacións:

a- por parte de secretaría de que a referencia catastral incluída no punto 2 de aprobación definitiva desafectación e permuta camiño en Cerro (Churío) é incorrecta, debendo ser substituída por 15040B501090760000EE.

b- por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) insítese en que debería rectificarse a redacción da acta do 30-12-2020 no punto , en canto á intervención do sr. Boado, xa rexeitada noutras sesións.

c- por parte da sra. Cal aclárase que se recolle mal a súa intervención á pregunta nº 6 do sr. alcalde (punto 14 de preguntas), xa que debería figurar: conseguindo que se iniciase a execución do proxecto no concello de Vilarmaior, continuando a fase anterior, e non no concello de Paderne.

Pola Alcaldía sométese a votación ordinaria o asunto (con inclusión das correccións *a* e *c*), resultando que, por unanimidade de 9 votos favorables, queda **aprobada** a acta da sesión extraordinaria de 23-6-2021, coas correccións indicadas nos puntos 2 e 14.

2. CORRECCIÓN DE ERROS NA ACTA DA SESIÓN PLENARIA DO 15-4-2021. Dáse conta, igual que no punto anterior, de que por parte de secretaría detectouse que a referencia catastral incluída no punto 3 desta acta, sobre aprobación inicial da desafectación e permuta camiño en Cerro (Churío), é incorrecta, debendo ser substituída por 15040B501090760000EE.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Sometido a votación ordinaria o asunto, resulta que, por unanimidade de 9 votos favorables, modifícase a acta da sesión extraordinaria de 15-4-2021, coa corrección do erro indicado no punto 3.

3. CONTA XERAL EXERCICIO 2020. Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación da conta xeral (informe de secretaría-intervención, ditame da comisión especial de contas do 14-5-2021, exposición pública (BOP do 21-5-2021) sen alegacións, etc.), así como sobre dos aspectos esenciais da conta presentada. Debido á pandemia do coronavirus este asunto tivo importantes cambios: continúan suspendidas as regras fiscais no ano 2021. Como resumo xeral mellora o resultado orzamentario e o remanente de tesourería, polo que a pandemia non afectou negativamente á situación económica do concello.

Sométese a votación ordinaria o asunto, resultando aprobado, por maioría absoluta de 7 votos favorables, 0 en contra e 1 abstención (sra. Cal) o seguinte **acordo**:

1. Aprobar definitivamente a conta xeral do exercicio 2020, ditaminada favorablemente pola comisión especial de contas, sendo os resultados económicos principais os seguintes:

- Resultado orzamentario axustado:..... 170.531,35 euros.
- Remanente líquido de tesourería (gastos xerais): ..... 502.107,94 euros (importe axustado).

2. Renderase a conta ao Consello de Contas de Galicia, Tribunal de Cuentas e demais órganos de tutela económico-financiera, aos efectos de control externo.

4. FESTIVOS LOCAIS 2022. Dáse conta de que Consellería de Economía, Emprego e Industria solicita a proposta municipal de festivos locais para o 2022, como se tramita todos os anos, polo que se incluíu o punto nesta sesión; a Alcaldía propón os festivos locais tradicionais do martes de entroido e o 10 de agosto (san Lourenzo), aínda que, coma en anos anteriores, admite estudar outras datas e propostas.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por maioría absoluta de 8 votos favorables, 0 en contra e 1 abstención (sr. Freire) o seguinte **acordo**:

1. O Concello de Irixoa realiza a seguinte proposta de festivos locais para o 2022: 1 de marzo (martes de entroido) e 10 de agosto (san Lourenzo).

2. Comunicarase o presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria aos efectos do calendario laboral para o 2022.

5. APROBACIÓN PROXECTOS DE OBRAS DE FINANCIAMENTO MUNICIPAL. Dáse conta dos proxectos que son de urxente execución e non teñen bo encaixe en plans ou subvencións externas, polo que teñen que ser financiados completamente polo concello. Estes proxectos van incluídos na modificación orzamentaria 6/2021.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Apróbanse os seguintes proxectos de obras para ser financiados ao 100% polo concello, redactados polo técnico municipal Victorino Corral Rodríguez:



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

- Renovación integral de iluminación pública en parroquia de Ambroa, cun importe de execución por contrata de 78.671,03 €.
- Mejora de firme en As Xielas, cun importe de execución por contrata de 16.773,63 €.

6. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 6/2021. Dáse conta das memorias da Alcaldía que abren o expediente, así como do informe de Secretaría-intervención-tesourería (favorable), sobre das modificacións propostas relativas a investimentos moi necesarios e que teñen que ser abordados con rapidez (proxectos de obras aprobados no anterior punto, así como futuras obras urxentes).

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria de carácter telemático, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria nº 6/2021, co seguinte desglose:

## INGRESOS

### REMANENTE TESOURERÍA

870.00 Remte. Tesourería para gastos xerais.....	95.444,66.-
870.10 Remte. Tesourería para gastos financiación afectada.....	10.331,95.-
<b>SUMA TOTAL INGRESOS.....</b>	<b>105.776,61.-</b>

## GASTOS

### SUPEMENTOS DE CREDITO

453.2114.60900 Outras inversións reposición (melloras de firme, etc.).....	10.331,95.-
<b>CREDITOS EXTRAORDINARIOS</b>	
166.61900 Outras inversións reposición (renovación alumado Ambroa).....	78.671,03.-
454.60900 Outras inversións (mellora firme Xielas) .....	16.773,63.-
<b>SUMA TOTAL GASTOS.....</b>	<b>105.776,61.-</b>

2. Exporase ao público o presente expediente polo prazo de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, conforme ao establecido nos arts. 176 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. En caso de non presentarse reclamacións elevarase o presente acordo automaticamente a definitivo.

3. Tras a aprobación definitiva do expediente procederase á publicación no BOP do novo resumo por capítulos, así como á remisión de copias do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia.

7. MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 12 DA TAXA DO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE. A continuación dáse conta da Memoria-proposta da Alcaldía que xustifica o expediente, derivada dun informe dos servizos sociais municipais, así como do informe de Secretaría-Intervención-Tesourería (favorable).

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) pregunta polas consecuencias dos consumos excesivos polos enchidos de piscinas particulares e quen ten que pagar os mesmos.

Indica o sr. alcalde (PP) que os enchidos de piscinas non están considerados consumos excesivos accidentais, polo que non están previstas rebaixas; os consumos excesivos accidentais típicos son os derivados de roturas.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Por parte do sr. Boado (BNG) indícase que ten que quedar claro que nas condonacións por razón de emerxencia social, esta situación ten que afectar tanto ao debedor orixinario coma aos herdeiros. Por parte da presidencia non hai obxección en aclarar este aspecto na modificación proposta.

Tras o debate, por medio de votación ordinaria con resultado de unanimidade de 9 votos favorables, declárase aprobado o seguinte **acordo**:

1. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 12 da taxa de abastecemento domiciliario de auga potable, relativa á ampliación das bonificacións do art. 5, tal e como se transcribe no anexo deste acordo (modificación en cursiva).
2. Exporase ao público o presente expediente polo prazo de 30 días hábiles a efectos de reclamacións conforme ó establecido nos arts. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de abril (Texto Refundido da Lei de Facendas Locais). En caso de non presentarse reclamacións elevarase o presente acordo automaticamente a definitivo.
3. Tras a aprobación definitiva do expediente procederase á publicación no BOP do novo texto da ordenanza para o coñecemento xeral e a súa entrada en vixencia, con eficacia que comezará ao día seguinte desta publicación.

## ANEXO

### ORDENANZA FISCAL Nº 12 :**Taxa do subministro municipal domiciliario de auga potable**

#### **Artigo 5.º Exencións, bonificacións e reducións.**

Non se contempla ningún tipo de exención, redución nin bonificación ordinaria; por motivos extraordinarios xustificados establécense as seguintes bonificacións:

5.1. No caso de funcionamento anormal do servizo por un tempo superior a 48 horas continuadas; neste caso reduciranse, segundo a gravidade da anormalidade, as cotas ata nun 10% por cada episodio.

5.2. Cando o consumo de augas nunha lectura sexa claramente excesivo e provocado por unha causa involuntaria ou accidental, regularase a medición para a correspondente liquidación da taxa do seguinte xeito:

a) Cando haxa un rexistro histórico de lecturas de consumo, igual ou superior a 2 medicións, farase unha media de tales lecturas anteriores e incrementarase o resultado nun 20%.

b) Cando unicamente haxa unha soa lectura previa no histórico farase un cálculo proporcional entre o período contratado e/ou efectivo de uso realizado, o consumo rexistrado e o que correspondería no período legal semestral, incrementándose o resultado nun 10%.

5.3. *Establécense as seguintes **bonificacións** respecto os gastos derivados deste servizo, por razón de emerxencia social:*

*\* Poderase obter unha bonificación do prezo do servizo fixado polo Concello para aquelas persoas ou unidades familiares que por circunstancias sociais, económicas, laborais etc, se atopen en situación que imposibilite o seu pago.*

*\* Esta bonificación terá carácter puntual e concederase para cada unha das facturas de forma concreta e individual.*

*\* A concesión desta bonificación farase mediante procedemento iniciado a solicitude do beneficiario ou a instancia de parte do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Irixoa cando sexan coñecedores dunha situación destas características.*



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

*\* Para o trámite e concesión desta axuda solicitaráselle o beneficiario os documentos acreditativos da súa situación económica e social que se consideren pertinentes, así coma os dos membros da unidade familiar.*

*En todo caso deberán presentar:*

- ⊗ Solicitud xeral*
- ⊗ Certificado de padrón colectivo.*
- ⊗ DNI de todos os membros da unidade familiar.*
- ⊗ Xustificación dos ingresos da unidade familiar.*
- ⊗ Todos aqueles documentos xustificativos da situación que sexan requiridos polo Departamento de Servizos Sociais.*
- ⊗ En todo caso será criterio indispensable estar empadroado no Concello de Irixoa cunha antigüidade mínimo dun ano e contar con residencia efectiva no mesmo sendo no domicilio polo que se solicita a bonificación.*

*En ningún caso a concesión dunha bonificación puntual dará dereito a concesións futuras.*

*⊗ O trámite da citada bonificación farase mediante procedemento tramitado no Departamento de Servizos Sociais e informe técnico que terá carácter preceptivo e vinculante e será positivo ou negativo.*

*⊗ Existirá tamén a opción de **condonación** de débeda naqueles casos nos que producíndose un falecemento os herdeiros/as se atopen en imposible situación de facerse cargo da débeda existente, cando o debedor orixinario se encontrara en situación similar. O proceso de trámite e concesión terá o mesmo procedemento que o establecido para a bonificación dun pago.*

## DISPOSICIÓN FINAL

*A modificación da presente ordenanza, aprobada por acordo plenario do 30-7-2019, entrará en vigor dende o día seguinte da data da súa publicación íntegra no BOP.*

## 8. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE MESES ANTERIORES.

Dáse conta das resolucións dictadas pola Alcaldía nos meses de maio e xuño de 2021; ben por remisión vía correo electrónico, coma polo reparto presencial do secretario, cada corporativo dispón dunha relación extractada das mesmas. Remitíronse copias ás administracións estatal e autonómica pola canles telemáticas adecuadas.

Por parte do sr. Boado (BNG) pregúntase se o expediente de reposición da legalidade urbanística a Pedro Varela ten relación co expediente de desafectación de camiño en Cerro. Contesta o sr. alcalde que si, que naquela zona acumúlanse os conflitos entre veciños.

O Pleno queda enterado.

Sendo as catorce horas e quince minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace  
O ALCALDE